



Guía Docente						
Datos Identificativos				2021/22		
Asignatura (*)	Lingua Galega e Usos		Código	613G03045		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5		
Idioma	Galego					
Modalidade docente	Presencial					
Prerrequisitos						
Departamento	Letras					
Coordinación	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es			
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es isaac.lourido@udc.es			
Web						
Descripción xeral	Estudo das relacións entre norma e usos da lingua galega, con especial atención á problemática sociolingüística.					
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán mudanzas nos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Manteranse todas as metodoloxías. Unicamente será modificada a modalidade de impartición nas metodoloxías que impliquen presencialidade, a cal será substituída pola modalidade de impartición telemática, realizando sesións síncronas/asíncronas a través de Teams ou ben facilitando presentacións xerais e breves lecturas complementares a través da plataforma Moodle. *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico, Moodle e Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Manteranse todas as metodoloxías presentes na avaliación con normalidade presencial adaptada. No caso da avaliación da ?Proba mixta?, esta realizarase telemáticamente, podendo ofrecerse tanto de maneira síncrona como asíncrona, cuxas características e datas serán comunicadas ao alumnado a través de Moodle con suficiente antelación.</p> <p>*Observacións de avaliación: Non haberá modificacións.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán mudanzas. Se for necesario, o alumnado disporá de todos os materiais de traballo de maneira dixitalizada en Moodle.</p>					

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		Competencias / Resultados do título
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título



Describir e analizar a relación entre lingua e sociedade e interpretar a complexidade dos fenómenos sociolingüísticos.	A1 A2 A3 A4 A9 A11 A14 A15	B1 B3 B4 B5 B7 B8	C1
Recoñecer a lingua como un vehículo de creación e transmisión cultural que produce e reproduce as relacóns de xénero no plano simbólico.	A10 A3 A4 A5 A6 A8	B5 B6 B9 B12 B13	C7 C3 C4 C5 C6
Desenvolver estratexias e técnicas que permitan comprender os procesos comunicativos e, especialmente, identificar os patróns de xénero que rexen a comunicación.	A10 A3 A4 A5 A6 A8	B5 B6 B9 B12 B13	C7 C3 C4 C5 C6
Realizar análises segundo os principios e os métodos propios das correntes teóricas más relacionadas cos contidos da materia.	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A11 A14 A15	B3 B4 B5 B7 B8 B9	C1 C8
Desenvolver un pensamento crítico sobre a situación sociolingüística no espazo cultural galego.	A4 A10 A11 A14 A15 B9 B10	B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C8
Saber detectar os usos sexistas e desenvolver pautas de interpretación non androcéntricas.	A10 A12 A3 A4 A5 A6 A8 A9	B5 B6 B9 B12 B13	C7 C3 C4 C5 C6



Acreditar o coñecemento e manexo dos principais recursos bibliográficos, bases de datos e repositorios dixitais sobre lingua e sociolingüística no ámbito cultural galego.	A4 A11 A15	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B9	C4 C6 C8
Ter un dominio avanzado da norma gramatical galega, así como coñecer o proceso de estandarización e a variación lingüística do galego.	A4 A9 A10 A15	B4 B7	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Lingua, estándar e variación	1.1. Norma e uso. Definicións e tipos. Relacións entre norma e variedad estándar. 1.2. O proceso de estandarización da lingua galega. 1.3. A variación lingüística: histórica, xeográfica, social, situacional e de xénero.
2. Norma e calidade lingüística	2.1. Aspectos ortográficos e ortolóxicos 2.2. Aspectos morfosintácticos 2.3. Aspectos léxico-semánticos 2.4. Aspectos pragmático-textuais
3. Usos lingüísticos e situación sociolingüística galega	3.1. Usos lingüísticos e ámbitos de uso: familia, amizades, traballo, comercio local, finanzas, escola, administración, saúde, medios de comunicación; oral/escrito; popular/culto; urbano/tradicional 3.2. A situación sociolingüística de Galiza. Natureza social da lingua. Problemática das linguas sen normalizar. Ideoloxías e xuízos de valor sobre as linguas. Monolingüismo, bilingüismo, diglosia, multilingüismo e plurilingüismo. Lingua e xénero.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A10 A11 A14 B4 B5 B8 B9 B10 C4 C6 C8	12	18	30
Obradoiro	A1 A2 A4 A9 A10 A11 A14 A15 A3 A5 A10 A9 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C3	15	21	36
Lecturas	A1 A3 A11 A8 B1 B2 B3 B5 B6 B8 B9 B5 B6 C1 C6 C4	0	3.5	3.5
Solución de problemas	A1 A2 A4 A9 A10 A11 A15 A4 A6 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B13 B12 B9 C1 C6 C7 C5 C6	0	30	30



Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C1	0	10	10
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nestas sesións, o alumnado realizará ACTIVIDADES PRÁCTICAS de diferente tipoloxía (exercicios de completar, corrección de textos, análise e elaboración de textos, lectura e entoación de textos, exposicións, debates etc.) destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistrais, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. No inicio do curso haberá ACTIVIDADES INICIAIS a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións de que parte o alumnado.
Lecturas	Cada estudiante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo/a profesor/a.
Solución de problemas	Como complemento ás sesións maxistrais e ás actividades prácticas presenciais, o alumnado deberá realizar (fóra da aula) unha serie de ACTIVIDADES PRÁCTICAS ou TRABALLO TUTELADO sobre os contidos traballados nas aulas presenciais que deberá entregar á/ao docente nas datas marcadas.
Proba mixta	Exame práctico escrito en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Para alén do labor de tutorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsable da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización das prácticas presenciais e non presenciais.
Obradoiro	
Lecturas	
Solución de problemas	Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A4 A9 A10 A11 A14 A15 A3 A5 A10 A9 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C3	Actividades prácticas presenciais e lecturas derivadas das sesións maxistrais, nas cales se avaliará a asistencia, a participación e a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica, a capacidade de análise, a clareza e corrección na expresión oral e escrita, así como o traballo individual e en grupo.	10
Solución de problemas	A1 A2 A4 A9 A10 A11 A15 A4 A6 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B13 B12 B9 C1 C6 C7 C5 C6	Actividades prácticas non presenciais. Nestas prácticas de ampliación avaliarase o correcto desenvolvemento das instrucións indicadas, a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica, para alén da corrección na análise e na expresión escrita. Fornecesanse pautas específicas para cada unha das actividades, que deberán entregaranse nos prazos marcados.	40
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C1	Proba escrita con elementos teórico-práticos. Serán valoradas nesta proba cuestións tales como os contidos, a clareza e rigor expositivo e a calidade expresiva.	50

Observacións avaliación



1. OBSERVACIÓN XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá aprobar (con 5 puntos sobre 10) cada unha das metodoloxías avaliábeis: "Obradoiro", "Solución de problemas" e "Proba mixta". En caso contrario, poderá recuperar parcial ou totalmente estas metodoloxías na 2.ª oportunidade, segundo as normas que se detallan na epígrafe 2 destas "Observacións avaliación".

1.2. As actividades prácticas entregaranse exclusivamente nos días fixados polo profesorado da materia. Aquelas actividades que foren entregadas fóra de prazo e/ou que non cumpran coas pautas marcadas non serán obxecto de avaliación.

1.3. Todas as

probas e actividades deberán cumplir unhas exixencias mínimas de corrección

lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de

reiteracións, precisión léxica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias

lingüístico-expresivas, estas poden ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o día 06/07/2018 e colgado en Moodle).

2. AVALIACIÓN DA 2.ª OPORTUNIDADE (xullo)

2.1. Na 2.ª oportunidade, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior, excepto o "Obradoiro", cuxa cualificación -ao ser presencial- se integrará en "Solución de problemas" (que, neste xeito, equivalerá o restante 50 % da cualificación final). De igual modo que na 1.ª oportunidade, para superar a materia nesta 2.ª oportunidade o estudiantado deberá aprobar (con 5 puntos sobre 10) cada unha das metodoloxías.

2.2. O alumnado que suspender as actividades avaliábeis terá que realizar outras substitutivas que lle foren encomendadas. As especificacións sobre a tipoloxía destas actividades e sobre as datas de entrega serán publicadas en Moodle antes da celebración da "Proba mixta".

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

3.1. Nesta oportunidade adiantada cada alumno/a será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 50 % da cualificación final e que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía, e unha serie de prácticas, puntuábeis nun 50 %.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO (NP)

4.1. Será considerado Non Presentado o alumnado que non se presente á "Proba mixta" e, alén diso, cuxo número de actividades avaliadas for inferior ao 50 %.

5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

5.1. O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado responsable.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998-2004). Gramática da Lingua Galega (4 vols.). Vigo: A Nosa Terra- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela: Laioveneto- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2010). Lingua de calidade. Vigo: Xerais- García Negro, Mª Pilar (1993). Sempre en Galego. Santiago de Compostela: Laioveneto- García Negro, Mª Pilar (coord.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela: Laioveneto- López Viñas, Xoán / Lourenço Módia, Cilha / Moreda Leirado, Marisa (2011). Gramática práctica da lingua galega. A Coruña: Baía- Moure, Teresa (2011). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética. A Coruña: UDC- Ninoyoles, Rafael (2005). Idioma e poder social. Santiago de Compostela: Laioveneto- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2011). Lingua galega e variación dialectal. Santiago de Compostela: Laioveneto- Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2009). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo: Xerais- Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2010). Lingua e futuro. Santiago de Compostela: Laioveneto
Bibliografía complementaria	Entregarase unha bibliografía complementaria e específica por temas.

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías